un conto en 99 palabras

UN MUNDO PECULIAR

Esta é a historia dun mundo peculiar, pois cada vez que queiras falar por cada palabra un euro has de pagar.
Pero diso non só trata a historia que hoxe vouvos contar; se non sobre un rapaz chamado Román, namorado dunha mociña coñecida como Mariña, de quen admiramos a súa brillante cabeciña. Quería dicirlle que a amaba, máis non tiña cartos para conquistala.
Matinando que facer, algo hóuboselle ocorrer: unha máquina de palabras!
Nunha man martelo, noutra desparafusador e mans ao labor.
Xa estaba rematada a primeira máquina de palabras.
Finalmente puido dicir: Queres ser a miña máquina sen construír?

Sara Rodríguez Varela, 6ºC

POU

Había unha vez un pou chamado Pepo.
Un día Pepo estaba patinando polo campo e... ¡VAIA DESFEITA! Sen querer, caeu do patinete e manchou o vestido de Violetta, unha amiga de Pepo.
Para arranxalo tiveron que pedirlle axuda a Novita, o pou máis sabio da aldeas. O empregado da tintorería díxolle que tiñan que agardar dous días para que o vestido estivese limpo. Ao final, Violetta estivo xogando con Pepo na súa casa e decidiron ser amigos para sempre.
E aquí remata a historia dos pous da aldea.

Marta Míguez, 5ºC

OS TRES TRASNOS TRAVIESOS

Había una vez uns trasnos que vivían nun basureiro e eran moi traviesos. Un día de inverno ocorréuselles atascar a máquina que tritura o lixo despois de que os camións descargaran durante toda a noite.
Eles eran felices vendo acumulada toda a basura, polo que saltaban de alegría vendo aquela máquina sen funcionar.
Pero un día o encargado da fábrica pillounos cortando os cables da máquina e decidiu poñerlles un castigo. Como eran tres, a un pintouno de azul e encargoulle separar o cartón. A outro pintouno de verde e fixoo encargado dos residuos orgánicos. Ao último pintouno de amarelo e encargoulle os plásticos.
Dende aquel día, os trasnos non fixeron máis travesuras.

Mateo Casas, 2ºA

libros recomendados

"A marabillosa menciña de Xurxo"

Autora: Roald Dalh

Trata dun neno chamado Xurxo que ten unha avoa moi rosmona e sempre lle andaba a dicir que medraba moi de presa e que eso era malo e que era desobediente. Xurxo decide facer unha menciña máxica… Que pasará!

Marta López Rama

"O dromedario nadador"

Autora: Xabier López Rodríguez
Editorial: Alfaguara

Trata de Xaquín, un neno de once anos que se fai amigo de Brais. Un día xuntos, descobren un pequeno dromedario e… Qué pasará?
Se o queres saber, leo e… Gustarache!

Alba Gigirey Vidal

"A expedición dos libros"

Autora: Vicente Muñoz Puelles
Editorial: Oxford

Este libro cóntanos a historia duns libros máxicos. Os libros descubren que os donos mudáronse a Gran Cidade e deciden ir buscalos. Polo camiño atoparán aventuras e…Se queredes sabelo animádevos a lelo.

Olalla Forján Gómez.

"Stuart Little"

Autor: E.B. White
Editorial: Edelvives

Trata dun nenoque parece un rato: ten rabo, bigotes, mide dous centímetros. Pero a pesar do seu aspecto, vive moitas aventuras. Eu invítote a lelo disfrutarás coas súas aventuras .

María García Rodríguez

"Puré de chícharos"

Autor: Daniel Nesquens
Editorial: Anaya

Tráta dun neno que nos conta a súa historia nun hospital,despois de ter un accidente... Se queres saber como acabou este libro,anímate a lelo!!!

Alba Gil González

La super papelería

Rosalía de Castro, 41 baixo
15701 Santiago de Compostela
Tfno.: 881 819 457
E-mail: papeleria.santiago@hotmail.com
www.lasuperpapeleria.com

Encárganos tus libros de texto antes del 25 de Agosto y te llevarás una mochila de regalo y un vale del 10% del importe de tu compra

Oferta válida en compras superiores a 90. No acumulable y válido hasta fin de existencias.